

## Incrementando a Resiliencia dos nosos montes

SOURCE: MARÍA ROSA MOSQUERA LOSADA (2023). Nós Diario

<https://www.nosdiario.gal/articulo/economia/incrementando-resiliencia-nosos-montes/20230724200625174076.html>

Universidade de Santiago de Compostela

### Incendios Forestais en Galicia Un Problema Recorrente

Segundo as estatísticas, Galicia é, con diferenza, a rexión europea con maior superficie media queimada. A elevada taxa de crecemento da vexetación xunto coas condicións climáticas galegas xustifican esta realidade, que se ve agravada pola presenza de persoas irresponsables que, de xeito intencionado ou por descoido, orixinan os grandes incendios forestais.



**FIGURA 1. RECUPERACIÓN DA VEXETACIÓN EN ZOAS QUEIMADAS NAS QUE PREVIAMENTE HABÍA PIÑEIRO (ZOAS CON SOLO NÚ) E CASTIÑEIRO (ZOAS CON SOLO COBERTO POR UN MANTO VERDE DE VEXETACIÓN, TRAS UN (SUPERIOR) E DOUS (INFERIOR) ANOS TRAS A QUEIMA.**

A vexetación pode arder de xeito intenso, causando moitos estragos, ou de forma controlada a través das queimas prescritas. A queima incontrolada, que alcanza temperaturas de centos de graos, provoca unha destrución total da vexetación que

impide o seu desenvolvemento nos anos seguintes. Pola contra, nas queimas controladas, a vexetación rexuenece en cuestión de meses. Esta realidade explica o diferente grao de resiliencia do monte galego ao tipo de queima, indicada pola taxa de recuperación da vexetación. A USC (Universidade de Santiago de Compostela) desenvolve investigacións sobre a queima controlada e a recuperación de áreas incendiadas en proxectos como Open2preserve (Interreg-SUDOE), Pyric labs (Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital), COMPAS (Biodiversa) e os proxectos LIFE VAIA e Silfore.

### O Caso do MVMC “Lor Marxe Esquerdo” A Resiliencia do Solo e a Vexetación

O Monte Veciñal en Man Común Lor Marxe Esquerdo ardeu en setembro de 2021. Como se aprecia na fotografía, dous anos despois aínda non foi quen de recuperarse na maior parte da súa superficie, que presenta un aspecto



case desértico. Sen embargo, nesta observación global da súa recuperación, aprécianse zonas que se recuperan de xeito máis rápido e que son visualmente perceptibles. Os estudos desenvolvidos no proxecto VAIA permitiron afondar nas causas desta diferenciación na recuperación do monte ardido co obxectivo de incrementar a resiliencia ás queimas do monte galego e, sobre todo, a súa recuperación para preservar o solo.

A zona que se recupera mellor ano tras ano, tal e como se aprecia na fotografía, vese vinculada á historia da vexetación do monte ardido. Na zona que hoxe atopamos con maior recuperación, ardeu castiñeiro, mentres que na zona de peor recuperación ardeu piñeiro. O castiñeiro xera, polo tanto, unha maior resiliencia do solo ao evento extremo do incendio e, consecuentemente, unha recuperación do ecosistema moito máis rápida.

O motivo desta resiliencia radica na propia fenoloxía da especie forestal. O castiñeiro, ao ser unha árbore caducifolia, incorpora ano tras ano as súas follas no solo despois da súa caída, mentres que os piñeiros de tipo perenne non sofren desta caída de folia anual, polo que non se incorporan ao chan con esa periodicidade. Sen embargo, cando se produce o peche de copas das árbores, limitando a entrada de luz na masa de piñeiro, as follas que non reciben luz secan e despréndense, depositándose na parte superior do mantillo sen ser incorporadas realmente no chan de xeito inmediato. Isto pode apreciarse polo "colchón" de follas que atopamos moitas veces nos piñeirais. A diferente composición das follas das especies de piñeiro e de frondosas xustifica a dificultade da incorporación das primeiras, dado que posúen unha composición en lignina e polifenóis que limitan a súa descomposición e posterior incorporación ao solo. Esta pinocha depositada no solo xera un material seco que favorece a rápida expansión do incendio pola súa composición e o grao de sequeidade que teñen na masa de piñeirais. Os estudos do solo tralo incendio empregaron o pH como indicador. O pH ten un rango entre 0 e 14, con valores óptimos en torno a 6.5, onde a actividade biolóxica do solo se maximiza. O pH do solo de castiñeiro está máis próximo a ese 6.5 que o do piñeiro antes e despois da queima, o que xustifica parcialmente a súa recuperación.

A queima prescrita, realizada en condicións controladas, emprégase habitualmente como sistema de control do combustible vexetal e para a mellora de pastos nas masas arbustivas. Ofrece un comportamento resiliente diferenciado, xa que, aínda que a vexetación tamén se queima na súa parte aérea, a parte radical permanece no solo. Isto permite que, tras a subida do pH causada pola queima controlada ou prescrita, o potente sistema radical favoreza o rexuvenecemento das masas arbustivas e o establecemento de especies herbáceas, moito máis palatables que a vexetación existente antes da queima. O uso mediante pastoreo destes rebrotes permite incrementar o control do combustible vexetal de xeito prolongado.

**AF4EU impulsa a agroforestría en Europa mediante a promoción de boas prácticas, o desenvolvemento de ferramentas dixitais e o apoio aos agricultores na adopción de sistemas sostibles.**

Máis información!



[www.af4eu.eu](http://www.af4eu.eu)



responsables deles.

Este proxecto recibiu financiamento do programa de investigación e innovación Horizon Europe da Unión Europea baixo o acordo de subvención nº GA 101086563. As opinións e puntos de vista expresados son, con todo, exclusivamente dos autores e non reflicten necesariamente os da Unión Europea. Nin a Unión Europea nin a autoridade que concede a subvención poden ser considerados